

Ditame  
**1/16**

## DITAME

sobre o anteproxecto de

# Lei de creación dos Colexios provinciais de Economistas por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia



**APROBADO POLO PLENO O 29 DE ABRIL**



Todos os documentos do CES poden atoparse en

**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 29 de abril de 2016, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidenta                      Corina Porro Martínez

Secretario xeral              Juan José Gallego Fouz

#### GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia                      José Carlos Rodríguez del Río  
Mónica Rodríguez Ponte  
José Domingo Barros Montáns  
Mar Alfonsín Madrigal

CIG                                      Fernando R. Acuña Rúa  
Natividade López Gromaz  
Héctor López de Castro  
Miguel Malvido Cabirto

CC.OO.                                      Maica Bouza Seoane  
Adela Poisa Baños  
Demetrio Vázquez Martínez

#### GRUPO SEGUNDO

CEG                                      Antón Arias Díaz Eimil  
Elier Ojea Ureña  
Marisol Novoa Rodríguez  
Fausto Santamarina Fernández

Rafael Serrano Hernández  
Marta Amate López  
Eugenio Geijo Carril  
José Antonio Neira Cortés

GRUPO TERCEIRO

SLG	Xosé Pérez Rei
Confrarías	José Basilio Otero Rodríguez José Antonio Gómez Castro
Consumidores	Rosa Celia Otero Raña Miguel López Crespo
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade de Santiago	María Emilia Vázquez Rozas
Universidade de Vigo	Xosé Henrique Vázquez Vicente

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

## ANTECEDENTES

---

1.- En data 1 de abril de 2016 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de creación dos Colexios provinciais de Economistas por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O texto do anteproxecto de Lei foi enviado, o 14 de abril, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de ditame.

3.- Con data 18 de abril, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o día 20 dese mes, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 1/16, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 20 de abril, e a remite á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que, na súa sesión 2/16, do 29 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

### ***DITAME***

***sobre o anteproxecto de Lei de creación dos Colexios provinciais de Economistas por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.***

## ESTRUTURA E CONTIDO

---

O anteproxecto sometido a ditame está estruturado nunha exposición de motivos, cinco artigos relativos a: creación e ámbito territorial, ámbito persoal, relacións co goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, e uso do galego, catro disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O obxecto do anteproxecto de Lei sometido a ditame é a fusión a nivel provincial dos colexios de Economistas e de Titulares Mercantís existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a creación de catro colexios provinciais de Economistas.

Segundo a exposición de motivos do anteproxecto de Lei obxecto de ditame, as razóns que xustifican esta unificación, baséanse en criterios de eficacia e eficiencia na consecución de obxectivos que deben cumprir como corporacións de dereito público.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

---

1.- O CES mantén, en esencia, no presente ditame, as liñas argumentais xa empregadas noutros ditames emitidos en relación cos Colexios Profesionais, e, concretamente no Ditame 4/00 sobre o anteproxecto de Lei colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no Ditame 3/2013 sobre o anteproxecto de lei de creación do colexio profesional de Dietistas–Nutricionistas de Galicia, ou o Ditame 6/07 sobre o anteproxecto de lei de creación do colexio profesional de enxeñeiros/as químicos/as de Galicia, entre outros.

2.- É por iso que, en concreto, o CES considera necesario reiterar as consideracións feitas no seu ditame 4/00, de 9 de outubro de 2000, sobre o Anteproxecto de Lei de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que se sinalaba que:

*“1.- O Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes (distintos das asociacións ou sindicatos) representativos de intereses profesionais, que, co carácter de corporacións de dereito público, se constitúen para defender os intereses dunha determinada profesión e ós que se lles asignan finalidades de interese público, que poderían ser exercidas pola Administración”.*

*“2.- Dentro do marco legal básico actualmente vixente, o CES considera que o Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais de Galicia debería regular só as funcións dos colexios profesionais que teñen que ver coas finalidades de interese público que se lles asignan”*

3.- Así mesmo o CES estima conveniente reiterar as consideracións realizadas, entre outros, no seu Ditame 3/2013 sobre o anteproxecto de lei de creación do colexio profesional de Dietistas–Nutricionistas de Galicia:

*• “Considerando a evolución da normativa dos Colexios Profesionais, a Lei 7/1997, de 14 de abril, sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelo y de Colegios profesionales, establece que as Comunidades Autónomas garantan que o exercicio de “profesións colexiadas” se realizará en réxime de libre competencia e estarán suxeitas, en canto á*

*oferta de servizos e fixación da súa remuneración, como calquera outro subsector económico, á Lei sobre Defensa da Competencia, á Lei sobre Competencia Desleal e ao sometemento á xurisdición do Tribunal de Defensa da Competencia. O R.D. Lei 6/2000, de 23 de xuño, liberaliza o ámbito territorial dos Colexios.*

- *En ningunha normativa se establecen as “profesións colexiadas”, nas que é obrigatoria a incorporación ao correspondente colexio para exercer a profesión porque realizan funcións que teñen que ver con finalidades de interese público.*

- *O CES considera que, en defensa do libre exercicio da profesión, e en cumprimento da defensa da competencia (con respecto ás profesións nas que para o seu exercicio é necesario estar colexiado), a obrigatoriedade de colexiación debería suprimirse ou, en todo caso, ser excepcional.*

- *O CES amosa a súa preocupación pola proliferación de colectivos profesionais que, ao abeiro de razóns de interese público non demostradas de maneira indubidable e que conlevan unha obrigatoriedade de colexiación na maioría das veces excluínte, pretenden a creación de colexios profesionais para a defensa de intereses sectoriais alleos ao interese público xeral e que poden acadarse mediante vías distintas á colexiación, como poden ser as asociativas ou sindicais.”*

**4.-** Sen prexuízo do anterior, o CES entende que podería ser razoable a fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas, en resposta á realidade académica e profesional no campo da economía e da empresa, así como ao obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia na súa xestión.



## CONSIDERACIONES PARTICULARES

---

### Exposición de motivos

Correspondería facer mención, nun parágrafo final a incorporar á exposición de motivos, de que o Anteproxecto de Lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

### Artigo 2: Ámbito persoal

Na **primeira parte do apartado b)** o CES entende necesario especificar que os títulos de grao ou master que poden dar acceso á condición de colexiado refírense aos que xorden da adaptación ao novo Espazo Europeo de Educación Superior dos títulos enumerados no apartado a).

A presente consideración xustifícase en que parece evidente que o carácter económico-empresarial das titulacións de acceso é consubstancial á natureza do Colexio de Economistas, como de feito se recolle no resto do artigo 2.2, tanto no apartado a) no que se inclúe unha enumeración dos títulos de licenciatura e diplomatura que dan acceso á condición de colexiado, todos eles pertencentes ao campo da Economía ou a Empresa, coma no remate do propio apartado b), no que se esixe expresamente que pertenczan a este campo outros posibles títulos universitarios.

Na **segunda parte do apartado b)** o CES considera que se debería especificar que os títulos universitarios que poden dar acceso á condición de colexiado no futuro deben ser títulos universitarios oficiais.

Esta consideración xustifícase no feito de que as universidades poden impartir títulos non oficiais ou títulos propios (Master propio, Experto universitario ou Especialista universitario), avalados unicamente pola mesma universidade pública ou privada que os imparte (non polos gobernos)". En coherencia co establecido no apartado a) e na primeira parte do b), o CES entende que non é a intención do lexislador nin dos Colexios a de estender a posibilidade de colexiación aos posuidores de títulos non oficiais, polo que é recomendable eliminar a posible ambigüidade. A relevancia desta aclaración pode ilustrarse polo feito de que a Xunta de Galicia inclúa entre as funcións e competencias do equipo de inspección universitaria (Decreto 36/2016 de 23 de marzo, Art. 10)

a de “*a comprobación da utilización do termo de universidade, ou as propias dos centros, ensinanzas, títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ou títulos universitarios non oficiais, evitando o emprego de denominacións que poidan inducir a confusión*”.

Así mesmo, o CES observa que a última oración do apartado 2b) do artigo 2: “*Tamén poderán colexiarse no futuro aqueles que posúan calquera outro título universitario no campo da Economía ou a Empresa*”, pode resultar moi ampla, de modo que poderían producir solapamentos con outros colexios profesionais. Semella que o que se pretende é que se permita a colexiación futura daquelas persoas que posúan calquera outro título universitario que substitúa ou cubra o ámbito académico dos sinalados na letra a) deste mesmo artigo, aspecto que debería quedar clarificado na redacción.

Como consecuencia de todo o anterior, o CES suxire a seguinte **redacción alternativa** do apartado 2.2.b), refundíndoo co apartado anterior:

2. Poderán ser colexiados e colexiadas:

a) Ademais dos titulados comprendidos no Real Decreto 871/1977, do 26 de abril, os licenciados en Economía, en Administración e Dirección de Empresas, Licenciados ou Diplomados en Ciencias Empresariais, Licenciados en Ciencias Actuariais e Financeiras e Licenciados en Investigación e Técnicas de Mercado, *as persoas que pola adecuación destes estudos universitarios ao novo Espazo Europeo de Educación Superior, teñan a titulación de grao ou master, e cumpran os requisitos recollidos no artigo 9 e seguintes do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Tamén poderán colexiarse no futuro aquelas persoas que posúan calquera outro título universitario oficial no campo da Economía ou a Empresa.*

### **Artigo 3: Relacións co Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia**

Este artigo leva por título “Relacións co Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia”. Non obstante, no corpo do artigo sinalase que os Colexios de economistas e o Consello galego de Colexios de Economistas relacionaranse coa Administración autonómica a través da Consellería que teña atribuídas as competencias en materia de colexios profesionais e no relativo ao contido da profesión coas Consellerías competentes por razón da actividade profesional. Por

este motivo o CES considera que debería substituírse o título “*Relacións co Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia*” por “*Relacións coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*”.

#### **Disposición Transitoria Primeira: Comisión xestora**

O CES considera conveniente regular nesta Disposición transitoria primeira a figura da Presidencia da Comisión xestora.

#### **Disposición Transitoria Terceira: Subrogación.**

O CES considera que se debería de engadir ao final da Disposición Transitoria Terceira o seguinte texto:

*Os colexios resultantes da fusión se subrogan en todos os dereitos e obrigas dos colexios promotores da fusión, incluídas as relativas ás persoas vencelladas aos colexios profesionais de procedencia por unha relación de carácter laboral, os cales manterán os seus postos de traballo en condicións non inferiores ás existentes no momento anterior á fusión.*

## OBSERVACIÓN FINAL

---

O CES aprecia no texto da proxectada norma de fusión dos Colexios Titulares Mercantís e de Economistas varios erros ortográficos e de redacción que conlevan a necesidade de efectuar unha revisión e corrección lingüística do seu texto, corrección que tamén se debe realizar desde o punto de vista da linguaxe en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2016

Vº e P.

O SECRETARIO XERAL

A PRESIDENTA  
Corina Porro Martínez

Juan José Gallego Fouz





[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)